

I CUMIO AMBIENTAL NO EIDO LOCAL GALICIA-NORTE DE PORTUGAL

XLV Curso de Saúde Ambiental

PROGRAMA GALEGO MUNICIPIOS SAUDABLES E SOSTIBLES 2000-2010

Baiona (Pontevedra), 18-22 outubro 2010



Colabora na organización



Patrocinadores oficiais



Sede anfitriona



Concello de Baiona

Director

Prof. Dr. Francisco Peña

Presentación

“O medio ambiente como xerador de actividades capaces de producir emprego, saúde e benestar á poboación”.

Cada día ten maior importancia o coñecemento do medio ambiente dunha comunidade, xa que é un condicionante do seu benestar social, sanitario e económico. A industrialización e a urbanización modificaron o medio ambiente dando orixe a problemas ambientais de primeira orde (o efecto invernadoiro e o cambio climático, a destrución da capa de ozono estratosférica, o transporte de contaminantes, a desertización, etc.) que é preciso corrixir, así como evitar que as actividades futuras orixinen máis deterioracións no noso contorno a través dunha política preventiva que permita un desenvolvemento sostido e equilibrado e teña como obxectivos a protección da saúde do home e a conservación de todos os recursos (aire, auga, solo, clima, especies de flora e fauna, alimentos, materias primas, hábitat, patrimonio natural e cultural) que condicionan e sustentan a vida. As interrelacións entre os diversos recursos e a súa xestión fan cada vez máis necesaria a posta en marcha de estratexias globais, entre as que ocupa un papel fundamental o principio de prevención, xa que máis vale previr que curar.

A forte conexión entre medio ambiente e saúde reconeceuse expresamente na 3ª Conferencia Ministerial do Medio Ambiente e a Saúde (Londres, 1999). O Cume da Terra de Río de Janeiro (1992) e a Conferencia de NNUU sobre Medio Ambiente e Desenvolvemento de Johannesburgo (2002), acuñaron a idea de desenvolvemento sostible, que expresa a imposibilidade dun desenvolvemento sen contar co medio ambiente (a protección do medio ambiente e o desenvolvemento económico e social son tres piares inseparables do desenvolvemento sostible). Para acadar os obxectivos do VI Programa Comunitario de Acción en materia de medio ambiente para 2001-2010, ademais da consideración das disposicións lexislativas vixentes e de aspectos tecnolóxicos inclúense actuacións tales como o aumento de diálogo coa empresa, fomento de acordos voluntarios, participación da opinión pública, acceso á información ambiental, etc. A empresa ten unha especial responsabilidade diante do medio ambiente ao ser consumidora de recursos, ademais de fonte de emisións e residuos; pero tamén é orixe de coñecementos científicos e tecnolóxicos, así como de positivos impactos socioeconómicos; o cal levou a moitas empresas a integrar a política ambiental nas estratexias corporativas adoptando criterios de protección do contorno na planificación de actividades e toma de decisións, o que implica tamén ás asociacións empresariais, xa que a protección do medio ambiente na empresa constitúe unha responsabilidade corporativa.

A Oficina Rexional para Europa da OMS, baseándose nas iniciativas de Cidades Saudables, e tendo en conta as experiencias dos plans de sanidade ambiental locais e os programas da Axenda 21 existentes nalgúns países europeos, decidiu apoiar as entidades locais e rexionais para acadar os obxectivos do desenvolvemento sostible, para o cal é necesario impulsar a posta en marcha de medidas de planificación e control do medio ambiente relacionadas cos aspectos sanitarios, xa que para resolver os problemas do medio ambiente, a saúde e o desenvolvemento sostible, é preciso chegar a un acordo e emprender accións non só a nivel nacional e internacional senón tamén a nivel subnacional e local.

Na liña das políticas da OMS de propoñer ambientes saudables, e coa esperanza de concienciar aos concellos galegos de asumir esta filosofía na xestión dos aspectos ambientais da saúde e así poder contribuír ao desenvolvemento sostible de Galicia e mellorar as condicións de vida dos cidadáns, púxose en marcha en Galicia no ano 2000, o **Programa Galego Municipios Saudables e Sostibles 2000-2010**, que contou cos parabéns do coordinador do proxecto “Healthy Cities” da Oficina Rexional para Europa da OMS. Esta iniciativa itinerante pioneira en España, leva consigo:

- Un primeiro nivel de actuación: de formación e reciclaxe de técnicos en medio ambiente e saúde, e foro de debate de todos os axentes sociais implicados na tarefa de protexer e conservar o medio ambiente.
- Un segundo nivel de actuación: de participación cidadá, peza clave na posta en marcha de calquera programa de actuación.
- Unha recomendación: que os concellos, comarcas e mancomunidades de Galicia e Norte de Portugal, coa axuda e o apoio da Administración, adquiran o compromiso de adhesión á Carta de Aalborg e inicien e impulsen a posta en marcha e o desenvolvemento da Axenda 21 Local.

A posta en marcha en Galicia deste Programa, cos parabéns da OMS, auspiciado pola SESA e baixo o mecenado de Obra Social Caixa Galicia, Fegamp, Xunta de Galicia, Sogama, Iberdrola e Aquagest, no seu periplo itinerante por toda a xeografía galega o longo desta década, contou coa participación de **242 concellos (239 galegos, 2 leoneses e 1 asturiano)** e 5 entidades locais portuguesas e **4.173** asistentes nas 44 edicións de Cursos de Saúde Ambiental realizados. Precisamente co fin de abordar e debater algúns dos problemas ambientais prioritarios comúns que teñen Galicia e Norte de Portugal, organízase o **I Cumio Ambiental no Eido Local Galicia-Norte de Portugal / XLV Curso de Saúde Ambiental**, que deseñado de acordo cos principios da Carta Europea sobre Medio Ambiente e Saúde, e a Carta de Aalborg cara á sostibilidade, e dirixido a todos aqueles que traballan ou están interesados no medio ambiente e na saúde, pretende converterse en foro de debate e estudo da situación ambiental de Galicia e Norte de Portugal, ademais de punto de encontro de sanitarios e ambientalistas, e referencia ambiental de Galicia e Norte de Portugal durante esa semana, co obxectivo de contribuír a sentar as bases do desenvolvemento sostible cara ao futuro da Eurorexión.

Finalmente, destacar a necesidade de unir esforzos por parte de responsables políticos, empresarios, científicos, educadores, profesionais, comunicadores, ecoloxistas, así como a participación activa dos cidadáns, en prol de conseguir un medio ambiente saudable e sostible para todos os galegos e portugueses, mellor legado para xeracións vindeiras.

Prof. Dr. Francisco José Peña Castiñeira

RESPONSABLE PROGRAMA GALEGO MUNICIPIOS SAUDABLES E SOSTIBLES 2000-2010
DIRECTOR I CUMIO AMBIENTAL NO EIDO LOCAL GALICIA-NORTE DE PORTUGAL / XLV CURSO DE SAÚDE AMBIENTAL

Programa

LUNS, 18 DE OUTUBRO

16:00-17:00 h.: ACREDITACIÓN E ENTREGA DA DOCUMENTACIÓN.

17:00 h.: ACTO INAUGURAL, a cargo do Doutor D. Carlos Lage, presidente da Comissão de Coordenação e Desenvolvimento Regional do Norte (CCDR-N); Profesora Doutora D.^a Elvira Vieira Pacheco, directora da Agrupación Europea de Cooperación Territorial Galicia-Norte de Portugal (GNP-AECT); D. Carlos Antonio Fernández Castro, presidente da FEGAMP-Federación Galega de Municipios e Provincias; D. Justo de Benito Basanta, secretario xeral de Calidade e Avaliación Ambiental da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas da Xunta de Galicia; D. Jesús Vázquez Almuiña, alcalde-presidente do Concello de Baiona; D. Francisco Caamaño Martínez, delegado de Iberdrola en Galicia; D. Henry Laiño López, director territorial de Aquagest en Galicia; representante de Caixa Galicia.

17:30 h.: I SESIÓN PLENARIA: “**Posta en común sobre a problemática ambiental de Galicia e Norte de Portugal**”

PRESIDENTE: REPRESENTANTE DA UNIVERSIDADE DE VIGO

RELATORES:

- **“Avaliación ambiental do Norte de Portugal: un factor de progreso”**
PROFESOR DOUTOR D. CARLOS BORREGO
Catedrático de Enxeñaría Ambiental e presidente do Consello Directivo do Departamento de Ambiente e Ordenamento da Universidade de Aveiro. Delegado nacional de Portugal no Programa Marco de Investigación (Medio Ambiente) da Unión Europea. Director da European Association the Science of Air Pollution. Ex-ministro de Medio Ambiente e Recursos Naturais de Portugal.
- **“Radiografía ambiental de Galicia: propostas de mellora”**
PROFESOR DOUTOR D. FRANCISCO JOSÉ PEÑA CASTIÑEIRA
Responsable Programa Galego Municipios Saudables e Sostibles 2000-2010. Profesor de Medio Ambiente e Saúde de CEPADE-Universidad Politécnica de Madrid. Ex-profesor da USC. Ex-director do CEIDA. Académico correspondente da Real Academia de Medicina e Cirurxía de Galicia. Experto en saúde ambiental.
- **“Instrumentos legais e financeiros de protección ambiental na Unión Europea: axudas a Galicia e Norte de Portugal”**
D. JUAN JOSÉ LIRÓN LAGO
Secretario da Agrupación Europea de Cooperación Territorial Galicia-Norte de Portugal (GNP-AECT).

MARTES, 19 DE OUTUBRO

16:30 h.: II SESIÓN PLENARIA: “**Modelo enerxético sostible e loita contra o cambio climático**”

PRESIDENTE: PROFESOR DOUTOR D. LUIS ESPADA RE CAREY

Ex-reitor e catedrático de Enxeñaría Química da Escola Técnica Superior de Enxeñeiros Industriais da Universidade de Vigo. Valedor do Cidadán de Vigo.

RELATORES:

- **“O cambio climático en Portugal”**
PROFESORA DOUTORA D.^a MYRIAM LOPES
Profesora auxiliar de Enxeñaría do Ambiente do Departamento de Ambiente e Ordenamento da Universidade de Aveiro (Portugal).
- **“O cambio climático en Galicia: redes de seguimento da evolución da situación medioambiental”**
D. VICENTE PÉREZ MUÑUZURI
Subdirector xeral de Investigación, Cambio Climático e Información Ambiental da Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas da Xunta de Galicia.
- **“Electrificación da economía e solidariedade ambiental”**
D. MIGUEL F. CALLEJA MEDIANO
Responsable de Regulación de IBERDROLA nas Comunidades Autónomas.
- **“Hacia unha enerxía baixa en carbono”**
D. ÁNGEL LAGARES DÍAZ
Subdirector de Medio Ambiente de Gas Natural Fenosa.

MÉRCORES, 20 DE OUTUBRO

10:00 h.: CONFERENCIA MONOGRÁFICA: “Plans de actuación de abastecemento e saneamento en Galicia e Norte de Portugal”

PROFESOR D. FRANCISCO ALONSO FERNÁNDEZ

Xefe do Servizo Territorial da Zona Galicia Sur de Augas de Galicia da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas da Xunta de Galicia. Profesor da Universidade de Vigo.

PROFESOR DOUTOR D. JOSÉ MANUEL P. VIEIRA

Vicepresidente nacional da Orde de Enxeñeiros de Portugal. Catedrático de Enxeñaría Civil do Departamento de Enxeñaría Civil da Universidade do Minho (Braga/Guimarães).

11:30 h.: III SESIÓN PLENARIA: “A protección e mellora da calidade das augas en Galicia e Norte de Portugal”

PRESIDENTA: PROFESORA DOUTORA D.^a MARÍA JULIA MELGAR RIOL

Profesora titular de Toxicoloxía, coordinadora do Plan de Desenvolvemento Sostible e vicedecana da Facultade de Veterinaria da Universidade de Santiago de Compostela-Campus de Lugo.

RELATORES:

- “Situación actual dos plans de xestión da Rexión Hidrográfica”

ENXEÑEIRO D. ARNALDO MACHADO

Director do Departamento de Planeamento, Información e Comunicación da Administración da Região Hidrográfica do Norte I.P. (Portugal).

- “Estado actual da calidade das augas de consumo humano dos abastecementos da provincia de Pontevedra”

D.^a MARÍA DEL CARMEN SÁNCHEZ BARRAL

Xefa da Sección de Sanidade Ambiental do Departamento Territorial da Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia en Pontevedra.

- “Características e particularidades das augas minerais de Mondariz: a súa protección e xestión”

D. ALBERTO CABADAS AVIÓN

Director de Calidade e Medio Ambiente de Aguas de Mondariz Fuente del Val, S.A.

- “Utilización da tecnoloxía baseada en contactores biolóxicos rotativos (biodiscos) para o deseño e construción de EDAR'S

D. ANTONI VENTURA I RIBAL

Director xeral de Aquagest Soluciones Industriales, S.A.

- “A xestión dos servizos de augas en Baiona, Gondomar e Mondariz Balneario”

D. RAMÓN ABAL CASAS

Xefe do Servizo de Espina & Delfín, S.L. en Baiona, Gondomar e Mondariz Balneario.

- “A xestión das augas residuais en pequenos núcleos de poboación mediante plantas depuradoras compactas: experiencias prácticas en Galicia e Portugal”

D.^a INMACULADA RIAL SÁNCHEZ

Técnica de Desenvolvemento de Negocio de SMA-Soluciones Medioambientales y Aguas, S.A.

16:30 h.: IV SESIÓN PLENARIA: “Xestión integral de residuos en Galicia e Norte de Portugal”

PRESIDENTE: D. BENITO GARCÍA CARRIL

Director de Galicia Ambiental-Grupo Correo Gallego. Periodista especializado en información ambiental. Membro da Asociación de Periodistas de Información Ambiental de España (APIA).

RELATORES:

- “Xestión de residuos urbanos no Norte de Portugal”

PROFESORA D.^a SUSANA PAIXÃO

Licenciada en Saúde Ambiental. Mestre en Educación Ambiental. Profesora adxunta do Departamento de Saúde Ambiental da Escola Superior de Tecnoloxía da Saúde do Instituto Politécnico de Coimbra (Portugal).

- “Modelo Sogama de xestión de residuos urbanos”

D.^a MARÍA ESTHER CAMPOS MOSQUERA

Responsable de Comunicación e Prensa de Sogama.

- **“Planta de reciclaxe e compostaxe do Barbanza”**
D. JACOBO PATIÑO LÓPEZ
Director de Explotación de FCC-Fomento de Construcciones y Contratas, S.A.
- **“CTRIG-Centro de Tratamento de Residuos Industriais de Galicia: situación actual e perspectivas de futuro”**
D. RAMÓN BLANCO LÓPEZ
Director industrial de Sogarisa.
- **“Papel dos xestores autorizados na recollida, transporte e tratamento final dos residuos industriais non perigosos”**
D.ª ELVIRA CAMARERO PÉREZ
Directora comercial do Grupo GESTÁN.
- **“A xestión de residuos radiactivos: unha solución ambiental”**
D.ª SILVIA RUEDA SÁNCHEZ
Técnica do Departamento de Formación de ENRESA.
- **“Asimelec: a reciclaxe dos residuos TIC”**
D. JULIO LEMA GARCÍA
Director comercial das Fundacións Medioambientais de ASIMELEC.

XOVES, 21 DE OUTUBRO

10:00-14:00 h.: Visitas prácticas, coordinadas e guiadas polo Concello de Baiona, aos seguintes lugares de interese natural e infraestruturas de Baiona:

- | | |
|-------------------------------------|-----------------------------|
| - Miradoiro de Cabo Silleiro. | - Embalse de Bahiña. |
| - Senda fluvial “Muíños de Baredo”. | - ETAP municipal de Baiona. |
| - Serra da Groba. | - EDAR municipal de Baiona. |
| - Marisma “A Foz do Miñor”. | |

16:30 h.: V SESIÓN PLENARIA: **“Contribución das empresas, centros educativos e entidades locais ao desenvolvemento sostible de Galicia e Norte de Portugal”**

PRESIDENTE: PROFESOR DOUTOR D. FERNANDO JORGE SIMÕES DE SOUSA NUNES
Profesor adxunto na Escola Superior Agraria do Instituto Politécnico de Viana do Castelo e coordinador do Curso de Licenciatura de Enxeñaría do Ambiente (Portugal).

RELATORES:

- **“A xestión ambiental como xeradora de rendibilidade empresarial”**
D. MARTÍN PITA LÓPEZ
Director de AENOR en Galicia.
- **“Modelo enerxético sostible e loita contra o cambio climático”**
ENXEÑEIRA D.ª LUISA ARANTES
Directora da AREA Alto Minho-Agência Regional de Energia e Ambiente do Alto Minho (Portugal).
- **“Valorización enerxética de residuos”**
D. FRANCISCO SILVA CASTAÑO
Director xeral de Sogama.
- **“A formación superior en saúde ambiental en Portugal”**
PROFESORA D.ª RAQUEL RODRIGUES DOS SANTOS
Profesora adxunta e coordinadora do Curso de Saúde Ambiental na Escola Superior de Saúde do Instituto Politécnico de Beja (Portugal).
- **“A implantación das Axendas 21 Locais en Galicia: situación local y perspectivas de futuro”**
D. JUAN MARCOS PÉREZ GULÍN
Presidente da Fundación Galicia Sustentable. Director de contidos no proxecto de implantación da Axenda 21 Local nos núcleos de sostibilidade de Galicia.
- **“Contribución da Deputación de Pontevedra ao desenvolvemento sostible da provincia”**
D.ª MARÍA MARTÍNEZ ABRALDES
Técnica de Medio Ambiente do Servizo de Medio Natural, Rural e Mariño da Deputación de Pontevedra.

VENRES, 22 DE OUTUBRO

10:00 h.: VI SESIÓN PLENARIA: “Posta en valor do patrimonio natural de Galicia e Norte de Portugal”

PRESIDENTE: D. JOSÉ NORBERTO UZAL TRESANDI

Director xeral de Administración Local da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza da Xunta de Galicia.

RELATORES:

- **“A conservación da natureza e a saúde ambiental no Norte de Portugal”**

PROFESOR D. ROGÉRIO PAULO DE SILVA NUNES

Presidente da Sociedade Portuguesa de Saúde Ambiental. Mestre en Enxeñaría de Seguridade e Hixiene Ocupacionais. Profesor adxunto de Saúde Ambiental na Escola Superior de Saúde do Instituto Politécnico de Beja (Portugal).

- **“Importancia da protección e conservación dos espazos naturais en Galicia”**

D. RICARDO GARCÍA-BORREGÓN MILLÁN

Director xeral de Conservación da Natureza da Consellería do Medio Rural da Xunta de Galicia.

- **“Plan de ordenación do litoral de Galicia”**

D. MANUEL BOROBIÓ SANCHIZ

Director xeral de Sostibilidade e Paisaxe da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas da Xunta de Galicia.

- **“A xestión forestal sustentable: unha oportunidade para o monte galego”**

D. TOMÁS FERNÁNDEZ-COUTO JUANAS

Director xeral de Montes da Consellería do Medio Rural da Xunta de Galicia.

- **“Promoción eco-turística das paisaxes do Val do Minho-Alto Minho”**

ENXEÑEIRO D. BRUNO CALDAS

Coordinador do proxecto técnico da CIM-Alto Minho (Portugal).

13:00 h.: Visionado do film: “Territorio na Voz-Comedias do Minho”, realizado por D. Pedro Filipe Marques.

13:30 h.: ACTO DE CLAUSURA E ENTREGA DE DIPLOMAS ACREDITATIVOS, a cargo de D. José Norberto Uzal Tresandi, director xeral da Administración Local da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza da Xunta de Galicia; D. Rafael Louzán Abal, presidente da Deputación Provincial de Pontevedra; D. António Rui Esteves Solheiro, presidente do Conselho Executivo da CIM Alto Minho; D. Jesús Vázquez Almuíña, alcalde-presidente do Concello de Baiona; D. Juan José Lirón Lago, secretario da Agrupación Europea de Cooperación Territorial Galicia-Norte de Portugal (GNP-AECT); D. Luis Lamas Novo, presidente de Sogama; representante de Caixa Galicia.

14:00 h.: O CONCELLO DE BAIONA OFRECERÁ UN VIÑO GALEGO DE DESPEDIDA AOS PARTICIPANTES.

Información xeral

OBXECTIVOS

- Integración da dimensión dos aspectos ambientais da saúde na formación e reciclaxe de técnicos en medio ambiente e saúde, coa finalidade de actualizar a súa formación e adecuar as esixencias que demanda a sociedade actual, para que contribúa a mellorar a xestión e as condicións de vida urbana dos cidadáns.
- Establecer un foro de debate e estudo da situación ambiental de Galicia e Norte de Portugal, dos seus problemas e carencias que se consideran máis importantes, así como das posibles solucións que se deberán adoptar; ademais de permitir a cooperación e o diálogo entre todos os axentes sociais implicados no tema, fomentando a creación de núcleos de sostibilidade.

DESTINATARIOS

- Técnicos, funcionarios e responsables políticos da Administración local, provincial, rexional e estatal, que desenvolvan a súa actividade ou estean relacionados/interesados nas áreas obxecto de estudo.
- Profesorado da universidade, de ensino secundario e formación profesional que desenvolva a súa actividade ou estea relacionado/interesado nas áreas obxecto de estudo.

- Técnicos e xestores de empresas que desenvolvan a súa actividade nos departamentos de calidade, medio ambiente e prevención de riscos laborais.
- Profesionais libres, titulados superiores e diplomados, técnicos superiores e de grao medio que desenvolvan a súa actividade ou estean relacionados/interesados nas áreas obxecto de estudo.
- Estudantes universitarios e dos ciclos formativos de formación profesional relacionados/interesados nas áreas obxecto de estudo (saúde ambiental, química ambiental, xestión e organización dos recursos naturais e paisaxísticos, traballos forestais e de conservación do medio natural, etc.).

METODOLOXÍA

- 6 sesións plenarias, 1 conferencia monográfica e visitas prácticas configuran a estrutura do cumio/curso, nas que os relatores farán unha exposición sintética de carácter técnico acompañadas de casos prácticos e co apoio de medios audiovisuais (power point), cun debate ao remate de cada sesión, no que tamén intervirán activamente os participantes amosando as súas experiencias.

NÚMERO DE PRAZAS E FORMA DE INSCRICIÓN

- **Número de prazas:** 100, que se cubrirán por rigorosa orde de inscrición.
- **A inscrición será gratuita.**
- **Forma de inscrición:** cubrir o boletín de inscrición, que presentarse/enviarase por correo electrónico/fax á Secretaría Técnica. O prazo para formalizar a inscrición rematará o venres día 15 de outubro ás 14:00 horas.

DOCUMENTACIÓN

- Entregarase unha carpeta coa publicación do **Libro de Relatorios** e material didáctico diverso.

DIPLOMA ACREDITATIVO E CRÉDITOS DE LIBRE CONFIGURACIÓN (*)

- O alumnado que participe con regularidade nas sesións programadas do cumio/curso, que consta de **30 horas lectivas**, recibirá un diploma acreditativo de asistencia.
- A UDC-Universidade da Coruña concederá **2 créditos de libre configuración** ao alumnado matriculado nesa Universidade que asista ao cumio/curso (en tramitación).
- A USC-Universidade de Santiago de Compostela concederá **1 crédito de libre configuración** ao alumnado matriculado nesa Universidade que asista ao cumio/curso (en tramitación).
- A UV-Universidade de Vigo concederá **2 créditos de libre configuración** ao alumnado matriculado nesa Universidade que asista ao cumio/curso (en tramitación).

SEDE, DATAS E HORARIO

- **Sede:** Parador de Baiona “Conde de Gondomar” (Avda. Arquitecto Jesús Valverde, 3 – 36300 Baiona-Pontevedra).
- **Datas:** do 18 ao 22 de outubro de 2010.
- **Horario:** De 16:30 a 21:00 horas (de luns a xoves) e de 10:00 a 14:00 horas (mércores, xoves e venres). O xoves, de 10:00 a 14:00 horas, terán lugar unhas visitas prácticas (opcionais).

SECRETARÍA TÉCNICA (INFORMACIÓN E INSCRICIÓN)

AGRUPACIÓN EUROPEA DE COOPERACIÓN TERRITORIAL GALICIA-NORTE DE PORTUGAL (GNP-AECT)

(Administrativas: Tânia Lopes e Ignacia López)

Edificio CETMAR

R/ Eduardo Cabello, s/n. - 36208 Vigo (Pontevedra)

Tel.: 986 13 51 26 / Fax: 986 13 51 27

E-mail: tlopes@gnpaect.eu / ilopez@gnpaect.eu

Entidades locais participantes de Galicia e Norte de Portugal



Concello de Arbo



Concello de Baiona



Concello da Cañiza



Concello de Covelo



Concello de Crecente



Concello de Fornelos de Montes



Concello de Gondomar



Concello da Guarda



Concello de Mondariz



Concello de Mondariz Balneario



Concello de Mos



Concello das Neves



Concello de Nigrán



Concello de Oia



Concello de Pazos de Borbén



Concello de Pontearreas



Concello do Porriño



Concello de Redondela



Concello do Rosal



Concello de Salceda de Caselas



Concello de Salvaterra de Miño



Concello de Sotomaior



Concello de Tomiño



Concello de Tui



Concello de Vigo

Comunidade Intermunicipal Alto Minho

Comunidade Intermunicipal do Ave

Comunidade Intermunicipal do Douro

Associação de Municípios do Vale do Minho

Administração da Região Hidrográfica do Norte

Entidades e empresas colaboradoras

AENOR Asociación Española de Normalización y Certificación

gasNatural
fenosa

aquaBona. Coca-Cola



ed
ESPINA & DELFIN

sma
Soluciones Medioambientales y Aguas, S.A.

Jaël
joyería

asimelec
Asociación Española de Empresas de Ingeniería, Telecomunicaciones y Electrónica

enresa
soluciones ambientales

FCC FOMENTO DE CONSTRUCCIONES Y CONTRATAS, S.A.

GRUPO gestán
Tratamiento de Residuos

Recoñecementos e acreditacións

Auspiciado pola

Declarado de
interese sanitario pola

Recoñecido con créditos
de libre configuración polas (*)

Recoñecido como Curso de
Relevancia Administrativa pola



SOCIEDAD ESPAÑOLA DE SANIDAD AMBIENTAL

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE SANIDADE
Departamento Territorial de Pontevedra

Universidade de Vigo

USC
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA



Asociación Española de Ciencias Administrativas
Instituto Internacional de Ciencias Administrativas
Sección Española

UNIVERSIDADE DA CORUÑA